PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 08/10/2024

PARLAMENTO
DE GALICIA

3. Mocións. 3
3.1 12/MOC-000021(0011985) 3
(0011985) Entrada da iniciativa 4
(0012643) Emendas dos grupos parlamentarios 6
3.4 12/MOC-000024(0012068) 8
(0012068) Entrada da iniciativa 9
(0012651) Emendas dos grupos parlamentarios 12
4. Proposicións non de lei ante o pleno. 13
4.2 12/PNP-000683(0006570) 13
(0006570) Entrada da iniciativa 14
(0012644) Emendas dos Grupos Parlamentarios 18
(0012646) Emendas dos Grupos Parlamentarios 20
(0012652) Emendas dos Grupos Parlamentarios 22
4.4 12/PNP-000688(0006600) 24
(0006600) Entrada da iniciativa 25
(0012625) Emendas dos Grupos Parlamentarios 32
4.5 12/PNP-000723(0007344) 35
(0007344) Entrada da iniciativa 36
(0012645) Emendas dos Grupos Parlamentarios 39

PARLAMENTO
DE GALICIA

3. MOCIÓNS.

3.1 12/MOC-000021(0011985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 10609, publicada no BOPG núm. 82, do 12 de setembro de 2024, e debatida en sesión plenaria do 24 de setembro de 2024.)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0011985) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:14:59
Nº Rexistro: 11985
Data envio: 26/09/2024 17:14:59.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de setembro, sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar (doc. núm **10609**, [**12/INT-000467**]).

Moción

"O Parlamento reproba as declaracións do presidente da Xunta de Galiza desprezando o Consello da Cultura Galega así como o informe realizado por este organismo sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas. Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego a:

1. Diante dos graves prexuízos ambientais, territoriais e socioeconómicos que tería a implantación dunha fábrica de celulosa en Palas de Rei e na súa contorna, deixar de apoiar a súa instalación.

2. Apoiar o tecido socioeconómico das comarcas afectadas polo proxecto de Altri a través do impulso do Plan Ulloa-Ulla-Arousa que permita mobilizar con carácter plurianual 250 millóns de euros e integrado polas seguintes actuacións:

a) Apoio aos sectores produtivos das comarcas da Ulloa, Terra de Melide, Arzúa e Deza a través da mobilización de superficie agraria útil que permita o acceso das explotacións da zona a base territorial. Neste senso, a Xunta de Galiza priorizará a culminación dos procesos de concentración parcelaria pendentes desde hai décadas.

CSV: REXISTRO-q2Lxgp2-51-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:14:59
Nº Rexistro: 11985
Data envio: 26/09/2024 17:14:59.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Impulso de programas específicos dirixidos a apoiar a PEMES e cooperativas así como á creación dun grande polo agroalimentario.

c) Desenvolvemento dun proxecto de protección e recuperación das augas do encoro de Portodemourous e de mellora da calidade das augas do río Ulla en cumprimento co disposto na Directiva Marco da Auga.

d) Realización dun estudo de viabilidade dunha planta de produción de fibras téxtiles a partir da reciclaxe de roupa."

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2024 17:13:10

CSV: REXISTRO-qzLxgsP51-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0012643) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:00:09
Nº Rexistro: 12643
Data envío: 07/10/2024 18:00:09.066

PSG PSOE | Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **Patricia Iglesias Rey,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar (12/MOC-000021, doc. núm. 11985)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir o cumprimento rigoroso dos requisitos esixidos pola lexislación ambiental, así como a avaliación por parte da Xunta de Galicia do principio de "non causar ningún prexuízo significativo ao medio ambiente" establecidos no Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles (regulamento de taxonomía).
2. Que o Goberno galego esclareza por escrito de maneira formal a realidade do proxecto empresarial vinculado á empresa Altri, no que se motiven os cambios producidos no proxecto ata que se declarou polo Consello da Xunta de Galicia o PIE (Proxecto Industrial Estratéxico), a previsión sobre os tipos de actividade empresarial que se van desenvolver, os cambios na política forestal galega, o número de empregos previstos, así como as necesidades de recursos e de axudas públicas expresados pola empresa ao goberno galego ao longo do tempo.
3. Que o Goberno galego expoña publicamente no Parlamento galego os compromisos de financiación ou axudas públicas con fondos propios

CSV: REXISTROp74OzmgK-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:00:09
Nº Rexistro: 12643
Data envío: 07/10/2024 18:00:09.066

PSG PSOE

Grupo
Parlamentario
Socialista

asociados á intención da empresa de implantarse en Galicia, tendo en conta que as condicións de innovación do proceso empresarial produtivo, de económica circular e de descarbonización, non parecen cumprirse no proxecto Altri."

Santiago de Compostela, 7 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/10/2024 17:58:44

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2024 17:58:55

CSV: REXSTROp74CizmgK-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO
DE GALICIA

3.4 12/MOC-000024(0012068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Mercedes Queixas Zas

Sobre o balance das políticas de normalización lingüística (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1377, publicada no BOPG núm. 12f1, do 24 de setembro de 2024, e debatida en sesión plenaria o 24 de setembro de 2024.)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0012068) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 17:37:05
Nº Rexistro: 12068
Data envio: 27/09/2024 17:37:05.912

bng
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de setembro, sobre o balance das políticas de normalización lingüística (doc. núm **1377**, [**12/INT-000068**]).

Moción

"O Parlamento insta a Xunta a recuperar o consenso e impulsar un Acordo pola Lingua sustentado no compromiso de impulsar as seguintes medidas:

1.- Impulsar un proceso participativo, amplo e plural, para avaliar o desenvolvemento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega por parte do goberno da Xunta, vinte anos despois da súa aprobación, e actualizar as medidas de reforzo positivo do galego ás necesidades e oportunidades comunicativas actuais e de futuro.

2.- Revisar a Lei de Normalización Lingüística de 1983 para actualizar e adaptar un texto de referencia para a normalización social do galego á realidade da sociedade galega do século XXI e das contornas sociais, culturais, económicos e tecnolóxicos actuais.

3.- Elaborar un novo decreto que regule a aprendizaxe da e desde a lingua galega no sistema educativo, que elimine a discriminación do galego no ensino e

CSV: REXISTRO-8C1M8Ed-S-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 17:37:05
Nº Rexistro: 12068
Data envio: 27/09/2024 17:37:05.912

bng
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garanta a súa aprendizaxe, en cumprimento da Lei de normalización lingüística, da Carta Europea das Linguas Minorizadas e conforme as medidas aprobadas por unanimidade no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega:

2.1.22. Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.

2.1.23. Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.

2.1.24. Na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

2.1.27. Na educación secundaria obrigatoria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

2.1.28. Nos bacharelatos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

2.1.29. Nos ciclos formativos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

4. Eliminar o artigo 7 do Anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza para a sociedade dixital, referido á redución de presenza e uso da lingua galega na CRTVG coa entrada doutras linguas, o que implicaría renunciar ao papel central que os medios públicos galegos deben desempeñar na normalización da lingua galega.

CSV: REXISTRO-8CIM5Ed-S-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 17:37:05
Nº Rexistro: 12068
Data envio: 27/09/2024 17:37:05.912

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Desenvolver a Iniciativa Xabarín pola programación infantil e xuvenil en galego nos contidos audiovisuais, tal e como se aprobou por unanimidade no Parlamento galego en maio de 2021."

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2024 17:35:32

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2024 17:35:49

CSV: REXISTROSCIMSEdS-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0012651) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:20:43
Nº Rexistro: 12651
Data envío: 07/10/2024 18:20:43.034

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Jose Luís Ferro Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **12068 (12/MOC-000024)** sobre o balance das políticas de normalización lingüística, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 8 de outubro de 2024

Emenda de substitución

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar, antes de que remate o ano, un diálogo con todas as forzas políticas parlamentarias, no marco do Pacto pola lingua, de cara a procurar os consensos necesarios que permitan seguir impulsando e prestixiando o uso do galego en todos os contextos."

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 07/10/2024 18:20:04

José Luis Ferro Iglesias na data 07/10/2024 18:20:07

CSV: REXISTRO-oQ0dgTKh-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.2 12/PNP-000683(0006570)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Victor Manuel Baladrón Lamas
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Nicole Grueira Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Dolores Hermelo Piñeiro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Argimiro Marnotes Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Noelia Pérez López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Ethel María Vázquez Mourelle
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Mouzo Mas
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Pablo Javier Prieto Perille
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Felisa Rodríguez Carrera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Roberto Rodríguez Martínez

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios do cofinanciamento do sistema galego de dependencia

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0006570) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 17:22:02
Nº Rexistro: 6570
Data envio: 02/07/2024 17:22:02.211

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Víctor M. Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Cecilia Vázquez Suárez, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Felisa Rodríguez Carrera** e **Roberto Rodríguez Martínez,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola tensión que a infrafinanciación do Goberno de España provoca no sistema galego de dependencia.

Exposición de motivos

O Goberno de España aprobou o Real Decreto 675/2023, do 18 de xullo que, entre outras medidas no ámbito das prestacións do sistema de dependencia, acordou incrementar a intensidade das horas do servizo de axuda no fogar.

Unha iniciativa que aparentemente debía ser positiva remata por converterse nun problema ao impoñerse de xeito unilateral polo Goberno de España, sen consenso coas comunidades autónomas e sen vir acompañada da transferencia dos recursos económicos necesarios por parte da administración central.

A realidade é que o Goberno de España afonda na infrafinanciación dos servizos de apoio ás persoas en situación de dependencia e fai que todo ese esforzo adicional imposto polo cambio normativo recaia nas comunidades autónomas, nos concellos e nos usuarios.

A todo isto, engádese ao feito de que desde a entrada en vigor da Lei de Dependencia, a achega estatal estivo moi por baixo do modelo deseñado por esa norma que establece que o seu financiamento se divida en dous partes iguais entre as comunidades e o Estado. De feito, na actualidade, a Xunta de Galicia inviste tres veces máis que o Goberno central en prestacións de dependencia, achegando o 70% fronte ao 30% estatal.

A este desequilibrio actual, súmase a débeda que o Goberno de España arrastra cos galegos e galegas nesta materia, e que xa supera os 2.500 millóns de euros.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: REXISTRO-n4k12eJPV-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 17:22:02
Nº Rexistro: 6570
Data envio: 02/07/2024 17:22:02.211

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

Ao entender do Grupo Parlamentario Popular, o incumprimento en materia de financiación, sumado ao aumento de obrigas derivadas da imposición normativa do Goberno central, resulta inaceptable, polo dobre impacto negativo que implica, por unha banda sobre a facenda galega e, en segundo lugar, sobre a accesibilidade aos servicios sociais.

Esta infrafinanciación da dependencia por parte do Goberno de Pedro Sánchez, obriga ás comunidades autónomas a realizar un esforzo orzamentario moi relevante para garantir os dereitos das persoas en situación de dependencia.

En consecuencia reiterar a necesidade de poñer fin a este desequilibrio non implica asumir ningún compromiso adicional, só que se cumpra co espírito da Lei de dependencia e que o Goberno central achegue a metade do financiamento, tal e como lle corresponde.

Cando algunhas formacións políticas pretenden presentarse ante a sociedade como os máximos defensores das políticas sociais teñen a obriga de poñer en práctica esa condición con feitos concretos, por exemplo, dando a prioridade que merecen o investimento en todas as políticas que afecten á atención directa das persoas dependentes.

Non debemos esquecer que os servizos sociais constitúen un dos alicerces básicos do Estado do Benestar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e reiterarlle as seguintes demandas:

1º.- O cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa, tendo especialmente en conta o desequilibrio acumulado desde a aprobación desta normativa en 2006.

CSV: REXSTROnlk12uIPV-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 17:22:02
Nº Rexistro: 6570
Data envio: 02/07/2024 17:22:02.211

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

2º.- Facer efectiva a débeda acumulada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia logo do incumprimento durante todo estes anos do confinanciamento estatal da Lei de Dependencia, achegando unha cantidade que ascende a máis de 2.500 millóns de euros.

3º.- Que renuncie á imposición unilateral de novas medidas ou regulacións que supoñan o incremento de custos na prestación de servizos públicos de carácter social, sempre que non veñan aparelladas das transferencias de recursos económicos estatais suficientes".

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

CSV: REXSTRO-nk12uIPV-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 17:22:02
Nº Rexistro: 6570
Data envio: 02/07/2024 17:22:02.211

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/07/2024 17:17:10

Raquel Arias Rodríguez na data 02/07/2024 17:17:27

Paula Prado del Rio na data 02/07/2024 17:17:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/07/2024 17:17:58

Víctor Baladrón Lamas na data 02/07/2024 17:18:22

Nicole Grueira Fernández na data 02/07/2024 17:18:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/07/2024 17:18:43

Argimiro Marnotes Fernández na data 02/07/2024 17:18:55

Noelia Pérez López na data 02/07/2024 17:19:09

Ethel Vázquez Mourelle na data 02/07/2024 17:19:24

Cecilia Vázquez Suárez na data 02/07/2024 17:19:38

Paula Mouzo Mas na data 02/07/2024 17:19:49

Pablo Prieto Perille na data 02/07/2024 17:20:10

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/07/2024 17:20:23

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/07/2024 17:20:51

CSV: REXSTRO-nk12uPV-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0012644) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:06:19
Nº Rexistro: 12644
Data envio: 07/10/2024 18:06:19.920

PARLAMENTO
DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa da deputada **Raquel Arias Rodríguez** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esta Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia **6570 (12/PNP-000683)** sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios do cofinanciamento do sistema galego de dependencia, que forma parte da orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 8 de outubro de 2024.

Emenda de Substitución:

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España:
>
> 1. Que cumpra o artigo 9 da Lei de dependencia e achegue os importes mínimos por cada dependente atendido establecidos no seu propio Real Decreto de reforma do sistema de dependencia e que está obrigado a financiar.
>
> 2. Que salde a débeda con Galicia polo incumprimento do pago das contías mínimas das prestacións económicas dende a entrada en vigor do Real Decreto.
>
> 3. Que cumpra a Lei de Dependencia que lle obriga a cofinanciar o 50% e salde a débeda acumulada con Galicia, en definitiva que aborde o déficit estrutural da financiación da dependencia".

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2024

CSV: REXISTROPcy652AD8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:06:19
Nº Rexistro: 12644
Data envío: 07/10/2024 18:06:19.920

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 07/10/2024 18:05:21

Raquel Arias Rodríguez na data 07/10/2024 18:05:32

CSV: REXSTROPcy652AD8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0012646) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:10:13
Nº Rexistro: 12646
Data envio: 07/10/2024 18:10:13.449

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **6570 (12/PNP-000683)**, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios do cofinanciamento do sistema galego de dependencia, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 8 e 9 de outubro de 2024.

Emenda de adición

Engadir no final da parte resolutiva o seguinte texto:

"Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Non reducir o seu investimento en políticas de atención ás persoas dependentes de maneira que se incremente o gasto por habitante para situalo na media do investimento estatal e, progresivamente, superalo.

b) Duplicar o persoal dos Equipos de Valoración e Orientación co obxectivo de rematar coa listaxe de agarda na tramitación das solicitudes de dependencia.

c) Elaborar e presentar na Cámara un Plan de ampliación do SAAD que inclúa as previsións para cada un dos servizos en función da demanda presente e futura así como un calendario de execución e o seu correspondente orzamento."

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-9HR-xoRA8F-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:10:13
Nº Rexistro: 12646
Data envio: 07/10/2024 18:10:13.449

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/10/2024 18:04:54

CSV: REXISTRO-9HRxc6RA8F-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0012652) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:27:12
Nº Rexistro: 12652
Data envio: 07/10/2024 18:27:12.732

PSG PSOE | Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios do cofinanciamento do sistema galego de dependencia (doc. núm. 6570), incluída na orde do día da sesión plenaria prevista para o día 8 de outubro de 2024.

EMENDA DE MODIFICACIÓN

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao goberno de España para que:

a) Conxuntamente co goberno autonómico se financie o custo da dependencia por ambas administracións de maneira equitativa ao 50%, de acordo co establecido na Lei de Dependencia.

b) Coordine as novas medidas e regulacións que supoñan a prestación de servizos de dependencia entre o ministerio e as CCAA.

Parlamento de Galicia, 7 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2024 18:26:15

CSV: REXISTRO-Sim8Qpeq-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:27:12
Nº Rexistro: 12652
Data envío: 07/10/2024 18:27:12.732

PSG PSOE

Grupo
Parlamentario
Socialista

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2024 18:26:25

CSV: REXISTRO-5m8Q peq-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA

4.4 12/PNP-000688(0006600)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Brais Ruanova Vilas-Boas
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Manuel Golpe Acuña
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Daniel Pérez López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Carmela González Iglesias

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de evitar a deslocalización de empresas beneficiarias de axudas provenientes da propia Administración autonómica

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0006600) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6600
Data envio: 03/07/2024 14:04:39.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Ramón Fernández Alfonzo**, **Daniel Pérez López** e da deputada **Carmela González Iglesias** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza contra a deslocalización de empresas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos observando como a deslocalización de actividades empresariais é unha ameaza para industria galega e, sobre todo, para a súa clase traballadora. Neste sentido, dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG) temos presentado iniciativas na liña de procurar o artellamento de ferramentas coa finalidade de evitar a deslocalización de actividades no sector da automoción.

Con efecto, son varias as novas diarias que nos proporcionan coñecemento sobre deslocalizacións de produción, como as referentes á fabricación de compoñentes, por parte de entidades integrantes do *Clúster de Empresas de Automoción de Galiza* (CEAGA); e, máis especificamente, as relativas á fabricación de vehículos por parte de *Stellantis*. Asemade, asistimos a un momento no que se están a producir deslocalizacións de proxectos -e de coñecemento-, como os encetados polo propio *Centro Tecnolóxico de Automoción de Galiza* (CTAG), consistentes na aposta decidida -e declarada-, de impulsar o futuro da automoción portuguesa.

CSV: REXISTROMKFmKFDF3-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6600
Data envio: 03/07/2024 14:04:39.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, as últimas informacións sobre deslocalizacións advirten da desviación fóra do noso territorio, do groso da actividade produtiva, por parte de preto de cincocentas (500) empresas, que aínda así, manteñen a súa matriz en Galiza.

Con efecto; podemos citar como exemplo, actuacións como o publicitado PERTE VEC II, concedido polo goberno central a Stellantis (unha parte, ao menos) ou, por non ir máis lonxe, a recente *Resolución do 1 de xullo de* 2024, publicada no DOG (2 de xullo de 2024), pola *que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas extraordinarias á industria da automoción en Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, en réxime de concorrencia non competitiva (liña A, código de procedemento IG300I, e liña B, código de procedemento IN422P)* e que implican un compromiso de crédito que ascende a 18 millóns de euros.

En todo caso, remitíndonos ás propias declaracións da actual Conselleira de Economía e Industria, a contía a que ascende o investimento comprometido a Stellantis (Vigo), nun período de 10 anos, ascende a preto de 81 millóns de euros.

Se ben é certo que a deslocalización non é unha problemática unicamente aplicable á automoción, porén é este sector o que está a sufrir unha maior incidencia desta práctica tan prexudicial para o desenvolvemento social e económico do País.

O uso de cartos públicos baixo o paraugas da internacionalización serviu, en grande medida, para deslocalizar de xeito cuantitativo a industria ligada ao sector téxtil na Galiza. Dende a década dos 2000 a industria téxtil galega perdeu o seu peso histórico deslocalizando grande parte do seu tecido productivo principalmente a Portugal e Asia

CSV: REXISTROAMKFmKFDF3-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6600
Data envio: 03/07/2024 14:04:39.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perdendo preto dun cuarto do emprego que xeraba na Galiza e na que os últimos datos falaban da perda de preto de 25 empresas do sector ao ano.

Por outro lado e actualmente, están as declaracións do propio sector, advertindo dunha sorte semellante para as TIC, con base a unha deslocalización baseada na tan manida "competitividade". Neste sentido, este último sector das TIC vén de asinar, no presente mes de xuño, un convenio de colaboración coa Xunta de Galiza por valor dun millón de euros destinado a formación.

A cantidade de axudas públicas desembolsadas -ou a desembolsar- é dunha relevancia tal, que pon de manifesto a necesidade de adoptar medidas ou ferramentas xurídicas capaces de suxeitar calquera tipo de axuda pública ao afianzamento e/ou desenvolvemento industrial endóxeno e, por conseguinte, á creación de emprego estábel suxeito a condicións laborais dignas; é dicir, tórnase esencial o establecemento en Galiza de instrumentos legais que obriguen ás empresas beneficiarias de axudas públicas a manter as súas actividades empresariais na Galiza.

Se ben a concesión de axudas públicas está sometida á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza, así como ao seu Regulamento (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), o certo é que tal regulación non resultou operativa para deter a deslocalización de empresas beneficiarias de subvencións.

Concretamente, a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza establece, no seu artigo 11 as obrigas dos beneficiarios. Así, no apartado 1, letras a) e b) recóllense as relativas a "*cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións*", e *"xustificar perante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención"*, respectivamente.

CSV: REXISTROAMKFmKFDF3-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6600
Data envio: 03/07/2024 14:04:39.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o artigo 33 regula as causas de *reintegro das cantidades percibidas -e a esixencia dos intereses de demora correspondentes- desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro*. O citado artigo, sinala entre outras causas de reintegro, o *incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención* (letra b). Así mesmo, as letras f), g) do nomeado artigo 33, contemplan a mesma medida respecto do incumprimento das obrigas ou compromisos impostos pola administración. Asemade, o mesmo precepto, contén no seu apartado 2, unha referencia ao artigo 14 da referida lei 9/2007, relativo ás bases reguladoras da concesión das subvencións.

Por outro lado, existe normativa estatal alusiva ao fenómeno da deslocalización. Con efecto; a Disposición Adicional Segunda do Decreto-Lei 1/ 2023, de 10 de xaneiro *de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas* (BOE 11/01/ 2023), refírese ao reintegro de subvencións e beneficios da seguridade social en materia de contratación e emprego en supostos de deslocalización empresarial.

Especificamente, na referida Disposición establécese que, sen prexuízo do previsto no Texto Refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social e, no seu caso na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procederá o reintegro de subvencións públicas contempladas en disposicións de ámbito competencial estatal obtidas en materia de contratación e emprego, de acordo co procedemento que establezan as normas ditadas para a súa concesión.

En calquera caso, semella que a antedita lexislación non é suficiente para facer fronte, de maneira efectiva a antedita deslocalización da produción empresarial. Así o

CSV: REXISTROAMKFmKFDF3-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6600
Data envio: 03/07/2024 14:04:39.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estimou, no seu día, a Comunidade Autónoma de Navarra ao aprobar a *Lei Foral 18/2020, do 16 de decembro, sobre medidas a favor do arraigo empresarial e contra a deslocalización empresarial* e que foi desenvolvida polo *Decreto Foral 28/2024, de 20 de marzo*.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O parlamento insta a Xunta a realizar as seguintes actuacións:

1. Que para os supostos en que unha empresa beneficiaria de axudas públicas, proceda á deslocalización – en todo ou en parte- da súa actividade produtiva, o departamento competente da Xunta de Galiza estude a viabilidade xurídica do reintegro das cantidades percibidas. De verificarse tal viabilidade, se proceda a aplicar o antedito reintegro, así como dos xuros de demora correspondentes, desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Que nas bases reguladoras de cada convocatoria de subvencións, o departamento competente estableza obrigas e limitacións moi claras ás eventuais empresas beneficiarias das axudas públicas, en evitación da deslocalización ou redución significativa da súa actividade, así como o mantemento de emprego estábel suxeito a condicións laborais dignas. É dicir; que as axudas se vinculen ao compromiso, por parte das empresas beneficiarias, de non incorrer en deslocalización, en cuxo caso, procederase ao seu reintegro, xunto cos intereses de demora devengados.

3. Que, na maior brevidade posíbel, o goberno galego, elabore un proxecto de lei –para ulterior debate e aprobación polo Parlamento Galego- que conteña medidas contra a deslocalización. Tal proxecto de lei estará dirixido, principalmente, a aqueles sectores estratéxicos da economía, susceptíbeis de ser beneficiarios de axudas públicas. En todo

CSV: REXISTROAMKFmKFDF3-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6600
Data envio: 03/07/2024 14:04:39.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso, a aprobación desta norma terá como finalidade conseguir que o diñeiro público investido en subvencións teña un retorno eficaz e efectivo para Galiza, coadxuvando ao seu desenvolvemento socioeconómico, real e necesario. Para tal fin, as anteditas subvencións quedarán sometidas ás obrigas e limitacións que foren precisas".

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Ramón Fernández Alfonzo
Daniel Pérez López
Carmela González Iglesias
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/07/2024 14:00:12

José Manuel Golpe Acuña na data 03/07/2024 14:00:22

CSV: REXISTROAMKFmKFDF3-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6600
Data envio: 03/07/2024 14:04:39.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/07/2024 14:00:35

Daniel Pérez López na data 03/07/2024 14:00:43

Carmela González Iglesias na data 03/07/2024 14:01:05

Ana Pontón Mondelo na data 03/07/2024 14:01:16

CSV: REXISTROAMKFmKFDF3-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0012625) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12625
Data envio: 07/10/2024 15:59:54.892

PSG PSOE | Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **Patricia Iglesias Rey,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de evitar a deslocalización de empresas beneficiarias de axudas provenientes da propia Administración autonómica (12/PNP-000688, doc. núm. 6600)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar as seguintes actuacións:

1. Que para os supostos en que unha empresa beneficiaria de axudas públicas financiadas con cos orzamentos galegos, proceda á situación de peche empresarial, redución maioritaria da súa actividade en Galicia, ou cambie o seu domicilio fiscal a outra Comunidade Autónoma para beneficiarse do dumping fiscal, o departamento competente da Xunta de Galicia estude a viabilidade xurídica do reintegro das cantidades percibidas. De verificarse tal viabilidade, se proceda a aplicar o antedito reintegro, así como dos xuros de demora correspondentes, desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Que nas bases reguladoras de cada convocatoria de subvencións, o departamento competente estableza obrigas e limitacións moi claras ás eventuais empresas beneficiarias das axudas públicas financiadas con cos orzamentos galegos, para evitar á situación de peche empresarial, a

CSV: REXISTRO-rgal1nqbt-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12625
Data envio: 07/10/2024 15:59:54.892

PSG PSOE

Grupo
Parlamentario
Socialista

redución maioritaria da súa actividade en Galicia, ou cambie o seu domicilio fiscal a outra Comunidade Autónoma para beneficiarse do dumping fiscal, así como se obrigue ao mantemento de emprego estable suxeito a condicións laborais dignas. É dicir; que as axudas se vinculen ao compromiso, por parte das empresas beneficiarias, de non incorrer en deslocalización, en cuxo caso, procederase ao seu reintegro, xunto cos intereses de demora devengados.

3. Que na maior brevidade se lexisle en Galicia no mesmo sentido que o Goberno de España no novo proxecto de lei de Industria e Autonomía estratéxica, que está dirixida, principalmente, ao mantemento de aqueles sectores empresariais estratéxicos da economía, susceptibles de ser beneficiarios de axudas públicas, así como evitar a súa deslocalización coa previsión de imposición de sancións en caso de incumprimento. En todo caso, a aprobación desta norma terá como finalidade conseguir que o diñeiro público investido en subvencións teña un retorno eficaz e efectivo para Galiza, coadxuvando ao seu desenvolvemento socioeconómico, real e necesario. Para tal fin, as anteditas subvencións quedarán sometidas ás obrigas e limitacións que foren precisas."

Santiago de Compostela, 7 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTROrqa1nqbk3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12625
Data envío: 07/10/2024 15:59:54.892

PSG PSOE

Grupo
Parlamentario
Socialista

Patricia Iglesias Rey na data 07/10/2024 15:58:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2024 15:59:02

CSV: REXISTRO-rgal1nqbk3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.5 12/PNP-000723(0007344)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Julio García Comesaña
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Patricia García González
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Fidalgo Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Felisa Rodríguez Carrera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carmen María Pomar Tojo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Luis Ferro Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Campero Dorado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Deza Martínez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Rubén Lorenzo Gómez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Argimiro Marnotes Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Roberto Rodríguez Martínez

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0007344) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2024 11:47:06
Nº Rexistro: 7344
Data envio: 18/07/2024 11:47:06.249

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Julio García Comesaña, Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodriguez Carrera, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Katherinie Varela Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Existe un amplo consenso á hora de considerar que o tren de alta velocidade entre Galicia e o Norte de Portugal é unha infraestrutura prioritaria e de vital importancia para mellorar a mobilidade dos cidadáns a un e a outro lado da fronteira. Tamén en que para facelo realidade é imprescindible intensificar o compromiso coa posta en marcha desta infraestrutura cunha mellor planificación, orzamentos e co establecemento de prazos realistas e concretos.

Baixo esta filosofía o presidente do Goberno da Xunta, Alfonso Rueda e o presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, Antonio Cunha, subscribiron en Valença do Minho un manifesto para esixir ante os seus respectivos gobernos estatais investimentos e un calendario encamiñados a garantir a conexión de alta velocidade entre Vigo-O Porto en 2032

No manifesto conxunto tamén se reclama unha mellora do coñecido como Tren Celta, que une Vigo co Porto. En particular a necesidade de modernizalo porque actualmente a conexión e o material rodante desta liña non cómpren cos estándares actuais de eficiencia.

A esta petición sumáronse diferentes actores do tecido social e económico galegos como son as confederacións de empresarios de Galicia e das catro provincias; as deputacións de Lugo, Pontevedra e Ourense; a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp); as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT) Norte de Portugal, Río Miño e Chaves-Verín.

Tamén se uniron as universidades de Santiago e Coruña e os consellos sociais das tres universidades; o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal; e a Fundación de Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER).

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTROymF88ZbS
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2024 11:47:06
Nº Rexistro: 7344
Data envio: 18/07/2024 11:47:06.249

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

E polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia formula a seguinte proposición non de lei en Pleno:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal, para o que é imprescindible e urxente un calendario coas actuacións e investimentos precisos para facelo realidade no prazo máis breve posible e, en particular, unha reserva orzamentaria suficiente para acometer a Saída Sur de Vigo; e avanzar no tramo que vai entre Porriño e a fronteira portuguesa"

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/07/2024 11:34:17

Gonzalo Trenor López na data 18/07/2024 11:34:27

Julio García Comesaña na data 18/07/2024 11:35:19

Patricia García González na data 18/07/2024 11:35:30

Miguel Fidalgo Iglesias na data 18/07/2024 11:35:49

María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/07/2024 11:37:22

Carmen Pomar Tojo na data 18/07/2024 11:37:30

José Luis Ferro Iglesias na data 18/07/2024 11:38:24

Cristina Campero Dorado na data 18/07/2024 11:38:32

María Deza Martínez na data 18/07/2024 11:39:07

Katherinie Varela Fernández na data 18/07/2024 11:40:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/07/2024 11:42:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXSTROymF8BZb-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2024 11:47:06
Nº Rexistro: 7344
Data envío: 18/07/2024 11:47:06.249

PARLAMENTO
DE GALICIA

Argimiro Marnotes Fernández na data 18/07/2024 11:42:42

Roberto Rodríguez Martínez na data 18/07/2024 11:43:56

CSV: REXSTROymF8BZb-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0012645) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:10:04
Nº Rexistro: 12645
Data envio: 07/10/2024 18:10:04.542

bng
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **7344 (12/PNP-000723)**, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para os vindeiros 8 e 9 de outubro de 2024.

Emenda de adición

Engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

"Ademais, o Parlamento insta a Xunta a dirixirse ao Goberno central para que:

1) Dea prioridade á liña de tren de alta velocidade Vigo-Porto sobre a liña Lisboa-Madrid.

2) Negocie co goberno portugués a implantación a partir de 2025 das seguintes medidas de mellora da actual conexión ferroviaria entre Vigo e Porto (tren Celta):

-Entrada en funcionamento de trens eléctricos, que permitirían reducir sensiblemente o tempo da viaxe e ademais son moito máis modernos e sustentábeis.

-Recuperación dos servizos suprimidos durante a pandemia da COVID 19 na conexión Vigo-Valença.

CSV: REXISTRO-OwAmsfhoH-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2024 18:10:04
Nº Rexistro: 12645
Data envio: 07/10/2024 18:10:04.542

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ampliación progresiva dos dous servizos actuais entre Vigo e Porto, combinando a conexión directa co servizo de proximidade.

-Promoción de prezos reducidos na liña Vigo-Porto, realización de campañas promocionais a prezos superreducidos, e oferta de abonos semanais/mensuais para persoas usuarias habituais que permitan abaratar o prezo do billete."

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 07/10/2024 18:04:07

CSV: REXISTRO-0wAmad9oH-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/